

PLAN

LECTOR

CEIP DA POBRA DO BROLLÓN
CURSO 2023-2024



ÍNDICE:

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	4
3.- XUSTIFICACIÓN	5
4.- OBXECTIVOS	7
4.1 Obxectivos Xerais	
4.2 Obxectivos específicos	
5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS	10
6.- CONTIDOS	11
7.- LIÑAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN COA BIBLIOTECA	12
7.1 A nosa biblioteca é.	12
7.2 Obxectivos	13
7.3 Actuacións	14
7.4 Organización, Xestión e funcionamento	17
7.5 Actividades de Dinamización	19
7.6 Metodoloxía	22
8.- PROGRAMACIÓN ANUAL TEMPORALIZADA	23
9.- AVALIACIÓN	29
10.- PROGRAMA DE DIFUSIÓN	30



1.- INTRODUCCIÓN.

Entendemos a biblioteca como o centro de recursos fundamental do centro. Nun entorno rural como é o caso do CEIP da Pobra do Brollón garantir a igualdade de oportunidades para o acceso á cultura implica contar con recursos e ferramentas que ofrezan a oportunidade ler, crear, indagar, buscar información, usar distintas linguaxes... É por iso que a biblioteca é a protagonista, o corazón que bombea recursos e información a todo o centro ou os ofrece no seu espazo... dende donde se abren as portas para a conquista do saber, disfrutar, soñar, crear... construír coñecemento e coñecer o mundo...

IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome: **CEIP DA POBRA DO BROLLÓN.**

Localidade: **Pobra do Brollón.**

Dirección: **Rúa Outeiro s/n.**

E-mail : ceip.pobra.brollon@edu.xunta.gal

Teléfono : **982870637/38**

FAX: **983870639**

Etapas que imparte: **Educación Infantil e Primaria.**

Servicios complementarios: **Transporte e comedor.**

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/>

Blog da biblioteca: **Guimariño**



2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO:

O CEIP POBRA DE BROLLÓN é un centro público de tres unidades inda que a nivel interno funciona con catro nas áreas instrumentais, unha de infantil e tres de primaria. Segundo a lei serían dous grupos de primaria co que a nivel oficial é un centro de 3 unidades.

Despois de tres cursos de reformas en fases por fin o curso pasado remataron as obras. O edificio consta dunha planta baixa, que dá acceso ao andar da ala dereita situado sobre o comedor. As plantas 1ª e 2ª da ala B que dá ao norte quedaron desafectadas para o concello. Na planta baixa contamos co comedor, a cociña os baños de nenos e nenas e profesorado, a sala de mestrxs, dirección, dependencia para material, orientación e almacén e arquivo, Seguindo o corredor: rocho de limpeza, aula de infantil, aula de informática e biblioteca. Cada planta da ala A adicada ao ensino conta con catro aulas e baños. Na primeira a biblioteca antiga transformouse en aula de inglés e plástica. Contamos ademáis, nesta planta, coa aula de PT/AL, aula de 3º e 4º e aula de 1º e 2º. Na segunda planta un rocho, a aula Edixgal de 5º e 6º, aula de relixión/desdobres, aula de música e a aula COVID.

Un pequeno grupo de familias das que proceden xs nenxs adícanse á agricultura e á gandería, completándose o medio de vida no sector servizos e un pequeno grupo de profesións liberais e autónomos.

O alumnado conta todo con transporte escolar e comedor.

En canto ás relacións das familias co centro participan nunha porcentaxe elevada nas actividades que se lle propoñen, acuden a interesarse polos seus fillos inda que moitas veces citados polos titores. A participación nas actividades de xestión e representación do centro é baixa, tanto a nivel de candidaturas, como de votación para eleixir os representantes no Consello Escolar.

O alumnado mantén en xeral unha boa relación entre sí, e de igual xeito cos mestres e mestras. Sentimos preocupación polos temas relacionados coa convivencia, pola sensibilización ante os problemas medioambientais e unha especial preocupación polo nivel lectoescritor fundamental para o desenvolvemento integral do noso alumnado e o seu futuro.

A lingua dominante é o galego. Só unha porcentaxe moi pequena emprega o castelán como lingua habitual de relación, e outra porcentaxe procede de



nacionalidade estranxeira, polo que descoñece a lingua galega. A maioría comprende perfectamente o galego. Apostamos polo uso do idioma galego como lingua maioritaria de relación na nosa comunidade educativa.

Recursos do municipio

No concello dispoñemos dunha Casa da Cultura dunha biblioteca municipal, unha ludoteca e un aula de informática que ofrece nos periodos de lecer un amplo abano de actividades. Estes recursos non só se empregan fóra do horario lectivo, ao longo do curso empréganse tamén dentro do horario lectivo colaborando ou organizando conxuntamente alguna conmemoración como o día das bibliotecas, non violencia, día da Muller... Outras veces participamos en actividades propostas dende cultura ou a biblioteca municipal ou utilizamos os recursos do concello en actividades impulsadas dende o centro.

A ANPA tamén ofrece, de novo este curso, actividades: fútbol, patinaxe... que se desenvolven no pavillón, edificio a carón do colexio donde tamén se desenvolven as actividades de Educación Física.

Por todo o exposto consideramos importantísimo, para fomentar o hábito lector, que a biblioteca goce dun lugar dentro do Proxecto Educativo; polo que ao longo do curso facilitarase o acceso á mesma. É moi importante que nenas e nenos podan acceder aos libros e á información.

3.- XUSTIFICACIÓN:

A LOMLOE no seu decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece o currículo de primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala no seu artigo 33. Bibliotecas escolares e aproximación á lectura:

1. *“Os centros docentes deberán incluír dentro do seu PE e funcional un Plan de Lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na PXA a través de actuación destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información en apoio da adquisición das competencias clave.”*



2. *“Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu PEF un Plan de biblioteca que se concretará anualmente na PXA a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesores e familias que facilita a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais do centro ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.”*
1. Correspóndelle á Dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro do profesorado.

INSTRUCCIÓNS DE COMEZO DE CURSO DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, DURANTE O CURSO 2022/2023, NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS, DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

“Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto Lector do Centro.”

Contamos cun proxecto lector implícito que recolle todas as actividades que se programan para a mellora da competencia lectora, o hábito da lectura e a adquisición de habilidades no uso da información.

“Esta biblioteca deberá ser cada vez máis unha biblioteca inclusiva , que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física e virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas”

As actuacións están diseminadas polas distintas programacións e tamén en moitas das actividades complementarias, (traballo de investigación, teatro na festa do colexio, recitáis, o día da Letras Galegas, a semana da prensa...)



O Plan Lector pretende:

1.- Ser un Proxecto que propoña á comunidade educativa, dende a súa inclusión na PXA e no PE, a sensibilización, planificación, elaboración e desenvolvemento dos obxectivos do Plan de Lectura.

2.- Planificación do uso da biblioteca escolar como un auténtico centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

3.- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas optimizando os seus recursos e aproveitándoos tamén para a atención á diversidade, a multiculturalidade e o plurilingüismo.

4.- A biblioteca como centro de redes que circulan polo centro: os libros e fondos saen para as aulas, surten as maletas da hora de ler, as bibliotecas de aula, os recunchos informativos atendendo aos proxectos diseñados no centro.

5.- A formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura. A biblioteca deberá concibirse como mediadora das lecturas no centro, polo que será o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa deseñando, asesorando e apoiando actividades para o fomento da lectura.

6.- O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social de toda a comunidade educativa pondo os seus recursos a disposición de todxs facilitando o acceso aos libros e recursos de forma igualitaria.

7.- Unha biblioteca inclusiva que da resposta ás necesidades de todo o alumnado tendo en conta en especial as NEAE que se detectan aportando os materiais que precisan.

8.- A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

9.- Avaliación para medir os logros do Plan Lector, regular e adaptar o proceso e formular propostas de mellora.

4.- OBXECTIVOS

4.1.- XERAIS:



- Desenvolver de forma planificada e secuenciada todas as habilidades relacionadas coa competencia lectora de cara á aprendizaxe, a lectura por placer, o alcance do hábito lector e a súa consolidación e evolución despois da idade escolar formando lectores competentes que conservan o hábito de lectura.
- Fomentar en todos os membros da comunidade educativa o valor e aprecio da biblioteca como centro de recursos para integrala no desenvolvemento do currículo, como un espazo de encontro para acceder á lectura, á investigación, a creación...
- Desenvolver habilidades de información que capaciten os estudantes para aprender a aprender, para a investigación, aproveitar e compartir os recursos do centro: aulas, informática, biblioteca...
- Lectura de todo tipo de textos e en todo tipo de soportes.
- A biblioteca escolar como factor de compensación social facilitando o acceso aos recursos de forma igualitaria e gratuita.
- A biblioteca inclusiva que ten recursos variados e adaptados ás necesidades e intereses do alumnado
- Emprego de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.
- Fomentar hábitos de lectura en todas as áreas.
- Afianzar a colaboración con outros axentes sociais que poidan contribuir á construción da sociedade lectora.

4.2.- ESPECÍFICOS:

En relación co alumnado.

- Mellorar a comprensión lectora e a expresión oral.
- Ler de forma expresiva. Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entonación adecuadas.
- Ampliar o vocabulario.
- Comprender distintos tipos de textos.
- Ler de forma autónoma e asidua.
- Apreciar o valor dos textos literarios.



- Formar ao alumnado nos recursos para o consumo e a produción de información a través dos medios de comunicación, con valores éticos e sentido crítico.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e ferramenta para obter información.
- Utilizar a lectura como fonte de riqueza persoal.
- Utilizar ferramentas e recursos da Biblioteca.
- Fomentar a escritura e a afección por escribir como un ben para comunicarse cos demais para expresar sentimentos e enriquecerse persoalmente.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como fontes de consulta.
- Contribuír á mellora das capacidades do alumnado e avanzar na incorporación da lectura dixital.
- Diseñar actividades que promovan a competencia informacional ALFIN/AMI. Radio na biblio, biblioteca creativa.

En relación co Centro Educativo e o Profesorado.

- Fomentar o hábito da lectura diaria e a afección pola lectura como un ben cultural en sí mesmo e en tempo de lecer.
- Implicarse na organización da biblioteca como centro de documentación e recursos
- Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos da información, da lectura, das linguaxes múltiples e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- A integración das fontes informativas en calquera soporte no tratamento dos contidos curriculares
- Favorecer a adquisición das competencias clave.
- Implicarse nos programas da biblioteca escolar que promoven novas ferramentas, innovación a alfabetización múltiple: radio na biblio, biblioteca creativa...
- Ofrecer **materiais de apoio, recursos, tempos e espazos**; pero tamén **retos** que guíen e estimulen a incorporación dos contidos nas diversas materias.
- A apertura do modelo de biblioteca cara un "**centro creativo das aprendizaxes**", con novos espazos e equipamentos, como o recuncho de produción audiovisual, ou o espazo fedelleiro contribúe a mellorar as



oportunidades do alumnado como produtor de pezas audiovisuais, como xerador de contidos audiovisuais..

En relación á Comunidade Educativa:

- Fomentar o uso da biblioteca, por parte de pais e nais, como Centro de recursos, lugar de formación e espazo de encontro para colaborar en actividades do centro.
- Procurar a implicación das familias na educación lectora dos seus fillos.
- Favorecer que as nais e pais se convirtn en cómplices para estimular a lectura das súas fillas e fillos no tempo de lecer.
- Propoñer e deseñar actividades que favorezan a implicación das familias como as mochilas viaxeiras, contar contos polo Samaín a través de grabacións, aportar as súas experiencias ou saber das súas profesións, afecións...

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Organización de espazos e tempos para a lectura de xeito sistematizado como a hora de ler.
- Desenvolvemento de actitudes favorables á lectura creando ambientes lectores como os clubs de lectura.
- Crear espazos diversos na biblioteca que favorezan o acceso ao alumnado ao uso de linguaxes e ferramentas: o espazo da información, da investigación usando as TICs, o laboratorio de radio, o espazo fedelleiro...
- A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. todos temos acceso á información de xeito gratuito e igualitario.
- Implicar ao alumnado no funcionamento e organización da biblioteca convertíndoos en biblioaxudantes e estimulando ademáis o traballo colaborativo, a responsabilidade, o coidado dos recursos da biblioteca.
- Crear clubs de lectura, que promovan ademáis da lectura o debate, a reflexión, compartir experiencias lectoras, o coñecemento dos nosos escritores e poetas...
- Crear ambientes lectores, coa participación das familias, escritores ou personaxes relevantes.



- Intentarase fomentar no alumnado o **interese pola lectura**, empregando diversas estratexias de animación.
- Utilizarase a **Biblioteca** de forma sistemática concebíndoa como **centro de recursos e apoio á aprendizaxe desde todas as áreas**.
- Buscar e aplicar estratexias para mellorar a **comprensión lectora**.
- Desenvolver en todas as áreas actividades que estimulen o **interese e o hábito da lectura**.
- Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros)
- Recursos do PLAMBE: Compartir experiencias no foro, as maletas viaxeiras, participar nas iniciativas e proxectos que se xeneran dende o PLAMBE (Radio na biblio, biblioteca creativa, Voluntariado de lectura) así como contar coa súa asesoría e formación.

Intervencións precisas:

- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas
- Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas e soportes diversos
- Actividades de educación documental (educ. en información).
- Integración das TICs
- Integración dos novos espazos como o fedelleiro ou a laboratorio de radio e uso destas ferramentas na integración do currículo.
- Implicación das familias e das institucións próximas.

6.- CONTIDOS:

Educación Infantil:

- Interés pola linguaxe escrita. Valorala como instrumento de información e disfrute, e como medio para comunicar desexos, emocións e informacións.
- Interpretacións de imaxes, carteis, fotografías, etc. Que acompañan a textos escritos, establecendo relación entre ambos.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación dalgunhas palabras escritas que fagan referencia ao entorno habitual e cotiá da nena e do neno.
- Atención e comprensión de narracións, contos e informacións diversas lidas por un adulto.



- Coñecemento das normas de comportamento correcto na biblioteca.
- Actuación relativamente autónoma, no manexo e utilización de libros que integran a biblioteca.

Educación primaria:

- Medios nos que se presenta a linguaxe escrita: libros, periódicos, carteis, etc.
- Comprensión de todos os elementos do texto ao longo do proceso lector.
- A lectura como fonte primordial de disfrute, aventura, ocio, diversión e saber.
- A produción de textos escritos con distintas intencións e en diferentes situacións de comunicación.
- A produción de contidos audiovisuais: anuncios publicitarios, programas de radio....
- Utilización da biblioteca para satisfacer as necesidades concretas de información, acordes cos propios gustos e intereses. Como o espazo educativo natural para o traballo coa información xa que nos ofrece oportunidades de aprendizaxes con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede.
- Formarse para a búsqueda da información en distintos soportes: textos escritos, TICs de documentos:índices, sumarios....
- Uso da biblioteca no tempo de lecer abrindo a á comunidade educativa nalgúns periodos de lecer.
- Contribución á correcta conservación dos materiais da biblioteca.

7.- LÍÑAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN COA BIBLIOTECA

7.1 A NOSA BIBLIOTECA É:

Un centro de recursos de lectura, información, linguaxes múltiples e aprendizaxe; Un espazo de encontro para construír coñecemento; a biblioteca como centro creativo das aprendizaxes.

- Compártense **experiencias de lectura**,
- Descúbrense **textos e imaxes** ás veces máxicos,
- Atópase **información** sobre mil e un temas relacionados coas materias de clase ou cos intereses da vida.



- Na biblioteca escolar accedemos aos recursos presentes (materiais impresos, audiovisuais e multimedia) e aos que se atopan en liña (bibliotecas virtuais, páxinas web, redes sociais...) converténdose nunha fiestra ao exterior que integra as tecnoloxías de información e a comunicación.
- A **biblioteca escolar** é o recurso fundamental para a posta en marcha do Proxecto lector e o desenvolvemento do plan anual de lectura.

Un espazo educativo ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe procurando dar resposta á toda a comunidade educativa. A biblioteca facilita o acceso aos seus recursos compensando as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias.



7. 2 OBXECTIVOS

- Formar lectores competentes crear e consolidar hábitos de lectura. Traballar habilidades inherentes ao hábito lector e mellorar a escritura como ferramenta de creatividade e comunicación.
- Ler todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con varias finalidades..
- Proporcionar dende a biblioteca un contínuo apoio ao proceso de ensino aprendizaxe de forma innovadora.
- Promover cambios no profesorado que faciliten a integración das tecnoloxias, as diversas linguaxes que ofrecen os proxectos da biblio, a mellora da calidade e a renovación das prácticas educativas
- Fomentar no alumando as capacidades para a investigación e a utilización de fontes de información.
- Convertir a biblioteca nun eixo dinamizador da vida na escola. Un espazo que alberga diversidade de recursos e ferramentas que motivan as aprendizaxes, promoven o traballo colaborativo, un espazo de encontro para pensar, deseñar, construír, aprender.
- Promover dende a biblioteca o uso das novas ferramentas integradas no currículo: a radio escolar, o espazo fedelleiro e a inclusión.
- Estimular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Compensar as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias, ao pór á súa disposición materiais actualizados e de calidade, completando nese caso as bibliotecas familiares.
- Formar a competencia literaria basándonos en actividades que nos leven a:
 - Ler literatura polo pracer de ler
 - Ler literatura para realizar determinadas tarefas: comentarios de texto, reflexións, axendas de lectura...
 - Ler textos diversos (contido, xénero e complexidade)
 - Crear itinerarios lectores
 - Progresar nas propostas de textos cada vez máis esixentes
 - Mellorar a lectura comprensiva, a escritura e as habilidades no uso da información



7.3.- ACTUACIÓNS

Espazo acolledor e funcional:

A nosa biblioteca é un espazo acolledor despois de acometer as reformas necesarias, dotada de mobiliario adecuado e fondos actualizados en varios soportes.

Cada inicio de curso realízase un pequeno expurgo retirando os fondos máis deteriorados ou que van quedando obsoletos. Deste xeito contaremos con máis espazo na biblioteca para colocar os que se van incorporando e facer máis visibles os fondos máis apropiados aos rapaces de infantil e primaria tanto de lectura, como de consulta ou audiovisuais. Cos fondos que poden ser reparados surtimos o recuncho de lectura no comedor.

Nestes intres, estase a facer esta recolocación a fin de ter a biblioteca preparada o 24 de outubro, día das bibliotecas escolares, na que mostraremos a todo alumnado, profesorado e familias a distribución dos fondos, as normas e funcionamento e a presentación da biblioteca.

1.- Recunchos de lectura de ficción: Os fondos atópanse catalogados de xeito estandarizado cos criterios da CDU en soporte meiga.

Contamos cos recunchos de :

1.- infantil e primeiro ciclo

- 3º,4º

- 5º,6º

2.- Recuncho de consulta infantil.

3. Recuncho dos contos temáticos

4.- Recuncho do cómic

5.- Recuncho dos escritores

6.- Recuncho de lectura de ficción e material de consulta para adultos

7.-Espazo fedelleiro



8.- Laboratorio de Radio Escolar

9.- Recuncho de xestión

10.- Recuncho de consulta de información coas TICs

10. Recuncho das nosas creacións

12. Recuncho dos xogos

Laboratorio de radio escolar que nos permitiu abordar o currículo de forma innovadora tendo unha acollida moi boa entre o alumnado e o profesorado dado que é unha ferramenta potente que desenvolve as competencias clave e o traballo colaborativo.

Detrás da grabación dun programa de radio hai traballo diverso; para realizar unha escaleta precisamos buscar información a través de diversas fontes e organizala, que ademáis vamos difundir de forma oral a través de medios audiovisuais...

Favorece o traballo de equipo colaborativo por tanto, no que se conxugan as destrezas no uso das ferramentas dixitais coa información que imos divulgar.

Realizaremos como cada curso programas de radio que divulguen a vida do centro, que reflictan traballos de investigación, as creacións do alumnado como anuncios, recitado de poemas, contacontos...

Tamén se realizarán entrevistas a persoeiros da nosa zona.

Un proxecto especial de radio escolar que levamos dende hai cursos foi o proxecto intercentros de radio escolar con Sober “Coñece o teu concello”. Desenvolvemos programas de ida e volta, nos que presentamos o noso concello e facemos unha pregunta aos nosos compañeiros. A pregunta dará lugar a un novo programa coa resposta e unha nova pregunta.

Foi unha actividade que gustou moito ao alumnado e ao profesorado consideramos de calidade, pois indagaron, coñeceron unha parte do seu patrimonio e esa é a mellor maneira de aprender a quere-lo e a valoralo... Así que como quedan moitos temas sobre os que investigar seguiremos con este proxecto.

Biblioteca creativa e espazo fedelleiro seguiremos no proxecto de biblioteca creativa, fedellando cos escornabots a impresora 3D e a posibilidade de usar



os xogos mercados o curso pasado dada a melloría da situación epidemiolóxica.

O espazo fedelleiro promove a elaboración de materiais en relación co currículo o que nos permitirá ofrecer ao alumnado un espazo lúdico e o acceso ás aprendizaxes dun xeito inclusivo, motivador e innovador.

Voluntariado de Lectura: O alumnado de 5º e 6º colabora na organización e xestión da biblioteca, un traballo que fomenta a responsabilidade, a convivencia e os familiariza coa dinámica de funcionamento dunha biblioteca espertando tamén a importancia de valorala e coidala.

Planificar unha nova formación de usuarios, implicando ao alumnado voluntario (que graben titoriais e fagan a cartelería para difundir...) coas normas básicas de uso da biblioteca.

No mes de setembro reciben unha xornada de formación acerca de cómo se organiza e como se pode xestionar a biblioteca convertíndose en axudantes.

Colocan os fondos, e revisamos os recunchos da biblioteca. Cada un observa e analiza un recuncho para contarlle o que hai nel aos compañeiros.

Ao longo do curso actuarán de contacontos para os demais e participarán na organización da biblioteca.

7.4.- ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E FUNCIONAMENTO

Constiuese o equipo de biblioteca integrado por:

- Susana Pereiro López: Responsable.
- Lucía Trillo Couce
- María del Mar González González
- Pablo Camarero Pérez
- Sonia Sánchez Fernández
- Sara Martínez Gallego

Este grupo será o encargado da dinamización da biblioteca e do desenvolvemento do Plan Anual de Lectura implicando a todo o claustro, alumnado e familias que colaborarán no desenvolvemento das actividades propostas así como na aportación doutras.

Para a xestión da biblioteca úsase o programa Meiga para a catalogación dos libros, documentos e a xestión de préstamos. É unha prioridade seguir coa



catalogación que se vai facendo pouco a pouco dada a escasa liberación do profesorado.

- Creación dos carnés de usuarios da biblioteca para préstamos.
- Recuncho da información: novas, recomendacións relacionadas coa biblioteca. Este recuncho atópase na entrada do colexio.

*Para fomentar o uso da biblioteca como un lugar tanto de lectura por pracer ou de consulta e investigación seguirase establecendo un horario de biblioteca para cada aula. Impartirase unha hora semanal sacada das linguas na que se desenvolverán actividades de dinamización da escritura e a lectura a que denominamos Plan Lector.

Dende hai tres cursos implantamos nas áreas de linguas o traballo a través de obradoiros, adicando un día a semana a un obradoiro de dúas sesións de lingua galega e lingua castelá. Deste xeito traballamos a lingua a través de contos e textos seleccionados polo profesorado que se consideran máis motivadores e próximos aos intereses do alumnado. Estas sesións tamén se desenvolverán cando se considere necesario na biblioteca.

	LUNS	MARTES	MÉRCORE S	XOVES	VENRES
1 ^a				Xestión	
2 ^a					
H. de ler					
3 ^a	Xestión	Xestión		3 ^o ,4 ^o C. Nat.	Xestión
4 ^a	3 ^o ,4 ^o	Xestión	Xestión	Xestión	5 ^o ,6 ^o
5 ^a	obradoiro	Xestión			C. Nat/C. Soc.

O alumnado ten un dobre papel: ser os receptores das actividades programadas e, pouco a pouco, ser parte activa do proxecto.

A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información e, por iso, será a protagonista dos proxectos de traballo.

▪ **Proxectos Documentais Integrados:**

Programas de formación de usuarios: os biblioaxudantes que colaboran na colocación dos libros deberán coñecer os criterios para colocar os fondos que



se está a facer segundo a táboa simplificada da C.D.U.. Polo tanto deberán coñecer as seccións da biblioteca e saber ler a información da etiqueta do libro.

Traballo por proxectos: Como cada curso seleccionamos un tema sobre o que desenvolvemos o noso proxecto no que se implica e participa todo o centro. Isto require unha necesidade de información, planificación e distribución de tarefas do grupo, investigación, selección e organización da información, a elaboración dun produto final que hai que comunicar. Pretendemos, a través da educación documental, aprender a manexar distintos tipos de fontes (planificación conxunta TIC/biblioteca), así como adquirir estratexias para saber buscar información, o relevante, analízala e selecciónala.

A biblioteca escolar conforme aos obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o desenvolvemento sustentable debe proporcionar servizos e programas que den resposta ás necesidades informativas da comunidade educativa neste censo.

Proxecto deste curso versará sobre o coidado da contorna facendo fincapé nas nosas posibilidades de intervención; reciclar coidar e valorar o patrimonio natural asentando bases de concienciación da importancia de frear a contaminación, o cambio climático. Este curso enlazando co proxecto de Voz Natura o noso proxecto de traballo titularase: **“A pegada sostible guímara”**.

Pretendemos, tamén, implicar ás familias para fomentar a lectura e a valoración dos libros entre os seus fillxs, guías de lectura, pautas de conduta para fomentar hábitos lectores e a colaboración en actividades programadas dende a biblioteca.

7.5.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

▪ Itinerarios literarios

Son seleccións de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función de obxectivos recollidos no Plan Lector.

Son os libros “que non queremos que se perda o noso alumnado”.

O listado pode ser aberto e flexible.

▪ Outras actividades de Dinamización



*Adicación dun tempo á lectura **“Hora de ler”** por parte de todxs, de 12:30 a 12:50. Lectura individual e silenciosa, lectura sobre textos escollidos voluntariamente, lectura sen pedir nada a cambio, Lectura outras veces en voz alta para a aula, sesión de contacontos.

Para surtir este espazo de lectura contamos co maletín viaxeiro (unha caixa con rodas en cada aula, formando o recuncho da hora de ler). Contén libros da biblioteca e que se van cambiando por trimestres.

*Organización **das mochilas viaxeiras**. Organízase unha mochila para cada curso con material diverso: libros de lectura, vídeos, xogos, algún material de información. O material é tamén variado no sentido dos destinatarios: libros infantiles, material de información que consideramos é bo que compartan...a finalidade é ler, pasar tempo de lecer en familia...Comeza a funcionar no segundo trimestre. A mochila vai acompañada dun caderno viaxeiro no que escriben vertendo opinións e reflexións, debuxan, fan colaxe...calquer membro da familia que o desexe... Estas reflexións e traballos compartiranse na aula antes de s para a seguinte familia. As mochilas estarán con cada familia tres semanas.

En infantil e 1º e 2º os contos van á casa para ler en familia os fins de semana. Así tamén van creando a xúa axenda particular de contos lidos.

***Organización de exposicións temporais** de libros sobre diversos temas: o outono, o Samaín, o nadal, a paz, o inverno, os xogos tradicionais, o entroido, a poesía, os libros das mulleres...

*Actualización puntual **do recuncho das novidades** e da información.

*Sesións de contacontos

*Xornadas con escritores sobre os que leron libros

*Xornadas con expertos que nos acheguen a información temática sobre o que estamos a traballar como micoloxía.

Creación de contos viaxeiros:

***Apadriñamentos lectores**". Polo mes de abril, na semana do conto os biblioaxudantes convértense en contacontos dos máis pequenos. Seleccionanse unha colección baixo algunha temática que logo se reparten para que preparen para contarlle aos máis pequenos.

Convertímonos en booktubers para recomendar o libro favorito.

Creamos booktrailers para recomendar ou presentar un libro.



"Recuncho das novidades"

Realizaranse outras actividades como **visitas a bibliotecas virtuais**, comunicación a través da rede con escritores, audicións e comentarios, proxeccións audiovisuais.

"Creación de recunchos para escritores". Con aqueles que máis lles gusten aos rapaces ou cos que se esté a traballar.

Clubs de Lectura: promove a lectura colectiva, o debate posterior, a análise e a reflexión. A biblioteca ademais de ofrecer o espazo idóneo para estas actividades, tamén surtirá con recursos. Dalgúns libros que nos parece importante que lean contamos con varios exemplares a fin de facilitar esta actividade. Este curso solicitamos por segundo curso a participación nos clubs de lectura para primaria, buscando a posibilidade de fomentar esta actividade e ampliar a oferta lectora.

Este curso retomaremos o club de lectura co centro de día; un club que nos leva enriquecido con sesións emotivas, entrañables...

Biblioteca como préstamo: levarán libros para a casa contos que poderán cambiar semanalmente ou quincenalmente. Seguiremos unha axenda do lector que irán construíndo con cada conto lido (ficha). de xeito que irán construíndo a súa **axenda de lectura**.

Tableiro: Libro máis lido do mes.

Promoción de contos para ler cada mes con algunha pista sobre o contido. Libros protagonistas.

Crear contos a partir de distintas secuencias de imaxes. Cambiar o final dos contos que coñecemos. Crear a intrahistoria.

Buscar información na biblioteca ou en internet e elaborar a biografías

Elaborar cómics empregando personaxes de contos distintos.

Procura de fondos para contar cos materiais suficientes para o desenvolvemento dos proxectos de traballo. Recuncho dos materiais temáticos para realizar consultas.

Recomendacións lectoras: Dende o colectivo Lemos lé elaboraranse trípticos de recomendacións lectoras polo Nadal e para o verán.

Participación en iniciativas propostas polo PLAMBE.



7.6.- METODOLOXIA:

O uso dos recursos e ferramentas que hain a biblioteca implica metodoloxias innovadoras que facilitarán o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades.

En resumo, tratar de utilizar todas as estratexias que favorezan a participación e implicación coa biblioteca de toda a comunidade educativa.

A metodoloxía debe facer compatible co desenvolvemento individual, atendendo a toda a comunidade, ás distintas idades e cursos, contemplando a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade... un contexto privilexiado para o desenvolvemento de competencias informacionais e mediáticas como requisito para a construción do pensamento crítico.

8.- PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES TEMPORALIZADA:

SETEMBRO

Planificación e programación. Expurgo

Información ao alumnado e familias sobre o tema a traballar este curso co proxecto “A Pegada sostible guímara” É preciso poñernos a traballar para coidar a nosa contorna, a terra.

Xornada de formación para o alumnado de 5º e 6º sobre a organización e o funcionamento da biblioteca escolar. Participación activa na colocación e xestión da biblioteca.

OUTUBRO

Continuación expurgo e recolocación dos espazos. Preparamos a biblioteca para presentala a cargo dos biblioaxudantes que nos farán unha visita guiada á biblioteca a través dun circuito polo que irán pasando todxs.

Día da biblioteca: 24 de Outubro. Compartimos con Yolanda Castaño, actividade facilitada polo concello.

Samaín e Halloween: Decoración da biblioteca dende a aula de plástica. Exposición de vasoiras ou cabazas en torno ao Samaín e Halloween



Recollida de contos de medo da zona para contar nunha sesión de rolda de contos de medo.

Traballo dunha breve secuencia didáctica sobre as orixes do Samaín / Halloween.

Halloween: Na materia de inglés desenvolverase unha unidade didáctica en torno a esta conmemoración partindo de contos:

1º e 2º: What's in the witch's kitchen?

3º,4º: Go away, big green Monster.

5º ,6º: "Room on the Broom"

Un conto de medo en inglés a cargo da profesora de inglés.

Outras actividades:

- Catalogación de fondos.
- Creación dos clubs de lectura. Leremos contos de medo neste mes.
- Contos interculturales.



NOVEMBRO

Magosto: Celebración do magosto tratando de achegarnos á celebración tradicional. Aportamos información nunha secuencia didáctica sobre a orixe do castiñeiro e o significado tradicional do magosto.

Recopilación de refráns, ditos populares ou cantigas en torno ao magosto e a castaña.

Buscamos información sobre as propiedades e os usos da castaña, un alimento importante na nosa zona.

Celebración do magosto con asado de castañas.

Micoloxia: O recuncho de exposición agora mostrará os libros e materiais cos que conta a biblioteca para buscar información sobre os cogumelos. Analizamos cogumelos da nosa zona.

Novembro, Mes da ciencia: A biblioteca convertirase na hora de ler no lugar donde realizamos diversos experimentos programados e explicados polos distintos grupos.

Traballo de investigación: semana con actividades que promovan biografías de pioneiras científicas.

Día da non violencia do xénero. Actividade conxunta cos servizos sociais do concello. Farase unha guía e exposición dos contos que hai na biblioteca en torno á igualdade e á non violencia para que poidan ler reflexionar e comentar a través dunha guía de actividades sobre as lecturas no club de lectura.

Visionado dalgún corto. Contacontos cos biblioaxudantes na hora de ler.

Carteis publicitarios a prol do respecto entre as persoas.

Programa radio Guímaro no que se verterán reflexións sobre un destes libros elixidos e reflexións persoais acerca desta lacra na que todos podemos implicarnos para erradicar.

Clasificación, catalogación e colocación nas estanterías.

Iniciamos o traballo sobre o mar para a revista Estiño. Ao noso centro tocoulle “A pesca de baixura”



DECEMBRO

Decembro: O mes dos dereitos, día da infancia, dereitos dos nenxs, a constitución. Selección de cortos e lecturas relacionadas con estas temáticas, Reflexións e traballos de creatividade en torno a estas temáticas.

Sesións de contacontos na hora de ler na biblioteca a cargo dos biblioaxudantes.

Nadal: Ambientación do colexio en torno ao Nadal.

Exposición de tarxetas e Creación do Belén.

Recopilación de panxoliñas, cantos de reis... viaxamos por outros países para coñecer o Nadal.

Participación nos certames que convoca o Concello; concurso de postais e certame de poesía.

Creación dun tríptico en coordinación coas bibliotecas da zona a través do colectivo Lemos Le sobre libros recomendados por idades para Nadal.

Celebración do Festival de Nadal con representación teatrais, panxoliñas...

XANEIRO

Neste mes celebramos o Día da Paz.

Visionado de películas relacionadas con este tema e actividades que permitan unha mellor asimilación das ideas e dos valores que pretendemos transmitir.

Creamos o recuncho con libros baixo esta temática. Contos e poemas.

Obradoiro de creación de poesía para o alumnado.

Club de lectura: Lecturas con esta temática.

Creación dos nosos desexos...para construír un mundo mais inclusivo e xusto.

Programa de radio: Versos pola Paz.

Selección de biografías que persoas relevantes que loitaron pola Paz.

Divulgación a través de Radio Guímaro.

Realizaranse ao longo do curso diversos traballos de investigación, e búsqueda de información sobre o cambio climático

Clubs de Lectura

Posta en marcha da mochila viaxeira.

Seguimos catalogando fondos.

En relación ao proxecto voz Natura creamos os nosos semilleiros.

FEBREIRO



Temática de entroido: as tradicións da nosa zona. Traballo de investigación e exposición.

Como celebraban os nosos avós e avoas o entroido? Recopilamos imaxes, cantigas e ditos ou poemas.

Continuamos coa catalogación e con tempo alternativo para ler na biblioteca.

Creamos un punto limpo no centro. Analizamos o tratamento dos plásticos.

Intervención nos nosos montes para previr os incendios.

MARZO

-Medio ambiente. Recuncho dos contos relacionados con este tema. Creación de cómic baixo temáticas medio ambientais. Traballo de investigación e Elaboración de paneis acerca das consecuencias que está a sufrir o planeta se non o coidamos. Fomento do seu coidado e posta en valor a través de carteis e lemas.

Coñeceremos este mes escritores de Medio Ambiente Participaremos na actividade que organiza a Deputación coa creación dun conto que crea en torno ao valor da biosfera do Miño **polo día da auga e medio ambiente.** Lectura e comentario da historia. Traballos coas reflexións...

-Semana da prensa. Traballaremos co periódico, as partes, a redacción das noticias, reportaxes...

Elaboramos reportaxes dos nosos traballos e intervencións co medio ambiente. Creamos o noso periódico.

-Día da muller e de Rosalía conxuntamente co persoal da biblioteca municipal do concello. Profundizaremos un curso máis na figura de Rosalía achegándonos a súa obra e representaranos como muller Valente e comprometida coa sociedade.

Traballos que valoren o respecto e o talento das persoas.

Recuncho de mulleres pioneiras

Roteiro xeográfico de mulleres pioneiras

Traballo de investigación. Creación de biografías de persoas que reivindicaron os dereitos das mulleres, para que poideran ter os seus proxectos de vida ou ideais, así como a súa participación activa nos distintos ámbitos da vida moitas veces prohibidos polo feito de ser muller.



O alumnado indagará usando distintas fontes de información. Divulgación a través de Radio Guímaro.

Entrevista a unha muller pioneira do noso concello ou próxima a nós.

Obradoro de poesía. Recital

O alumnado indagará usando distintas fontes de información. Divulgación a través de Radio Guímaro.

Obradoro de poesía. Recital

ABRIL

Celebración do **mes do conto infantil**. Coñecemos técnicas para escribir contos e poñémolas en marcha creando un conto viaxeiro do colexio.

Viaxamos polo mundo coñecendo escritores famosos que escribiron par nenxs.

Convivencia cun escritor/ra galegx.

Apadriñamentos lectores na natureza, ao aire libre por parte dos biblioaxudantes.

Os contos mais lidos na biblio. Cada alumnx conta porqué foi o seu conto favorito. Convírtese en Booktuber.

Os mellores lectores do curso. Premio para o mellor lector.

Seguiremos coa catalogación dos fondos.

MAIO

Traballo de investigación sobre a figura de Luisa Villalta, autora homenaxeada nas Letras Galegas deste ano.

XXXII Certame de Contos Letras Galegas,

Conmemoración das Letras Galegas. Programación da semana cultural das Letras Galegas.

Creamos a revista escolar Outeiro, compendio de experiencias e vivencias máis salientables durante o curso. O alumnado de 5º e 6º responsabilizarase da edición desta revista pero colaborará o alumnado de todo o colexio, ben con traballos ou debuxos.

Continuamos coa catalogación en Meiga.

XUÑO

Edición do número XXXIX da revista escolar Outeiro.



Fase de Avaliación

Faremos mesas redondas para facer o resumo do curso e tamén propostas para o curso seguinte.

Análise do que máis nos gustou, o que nos saíu mellor, o que non nos saíu tan ben ou non nos gustou e por que.

Paulatinamente, devolución dos libros.

Despedida: Agasallo cun conto para o verán.

Obradoiro de linguas

Os contos e lecturas formarán parte do currículo tamén a través do obradoiro de linguas que se se traballarán en dúas sesións seguidas unha de ingua e outra de castelán.

A través de lecturas e contos modelo traballaremos os distintos textos, e os contidos destas materias. Será unha oportunidade para as súas creacións: sogamos cos contos e cambiamolos, coas poesías e cambiamolas, analizamos a estrutura, os temas, creamos os nosos propios textos....

Pretendemos achegar os contidos dunha forma motivadora, buscando lecturas próximas a eles ou que nos interesan como modelos para abordar os demais contidos. Así fomentamos a tura, a creación escrita, a exposición oral, os textos diversos: a descripción, a narración, a carta... os xéneros literarios, as palabras... a creación de distintos textos....

9.- AVALIACIÓN

1.- Os criterios nos que nos basearemos para realizar a avaliación do desenvolvemento do plan lector serán:

* Nivel de lectura expresiva dos alumnos e alumnas. Ler con ritmo e entonación adecuados textos propios da súa idade, respectando os signos de puntuación e sen hábitos incorrectos na lectura (movemento de cabeza, sinalización co dedo ou lapis, retrocesos,...)

* Comprensión lectora: Resumir as ideas principais dun texto, sabendo eliminar a información que non é útil para a comprensión do texto.

* Escritura: Realizar resumos, esquemas ou mapas conceptuais de textos adecuados á súa idade, expoñendo de forma clara e concisa as ideas principais.



* Escribir textos adecuados ao seu nivel, nos que exista unha secuencia lóxica, creatividade e coherencia na exposición das ideas.

* Mellorar a expresión oral: fluidez, riqueza de vocabulario...

* Resolver problemas matemáticos onde teñan que inferir determinados datos e prestar especial atención á resposta correcta para a solución do problema.

* Gusto pola lectura: guiarémonos polo número de libros lidos polos alumnos e alumnas, co fin de coñecer se realmente lles resulta atractivo e non hai que obrigarlles a ler un libro.

* Enquisas sobre a lectura e os tipos de libros que se atopan na páxina de bibliotecas escolares a fin de coñecer se varían os gustos e aumenta o gusto e a afición á lectura.

2.- Para avaliar o grao de implicación do profesorado e a adecuación ou non deste proxecto ás necesidades do centro e da nosa comunidade educativa, atenderemos aos seguintes criterios:

*Uso por parte do profesorado dos momentos destinados ao seu grupo dentro do horario da biblioteca.

*Uso dos materiais de apoio que existen na biblioteca para a axuda na súa función docente.

*Materiais achegados polos distintos grupos para as exposicións programadas.

*Grao de conformidade do profesorado co material existente na biblioteca e número de propostas para a súa mellora.

* Posibilidade de desenvolvemento de subproxectos por parte do profesorado a partir de determinadas actividades propostas neste proxecto xeral.

3.- Avaliaremos a estrutura, organización e planificación xeral do Proxecto (formulación dos obxectivos, medios, materiais, responsabilidade de cada un dos participantes do Proxecto, coordinación, grao de implicación da comunidade educativa, desenvolvemento das actividades...

4.- Tamén avaliaremos o funcionamento da biblioteca do centro e da aula:



Se a distribución do espazo é a adecuada.

Se o mobiliario e fondos son suficientes e axeitados.

Se se atenderon as necesidades e peticións dos distintos membros da comunidade educativa

5.- Dentro do marco das competencias clave, valoraremos:

O grao de uso da biblioteca como recurso.

As melloras do hábito lector que se produciron.

A capacidade para localizar e utilizar documentos.

A capacidade para buscar e seleccionar a información

A capacidade para organizala e comunicala.

A relación de implicación doutras entidades e asociacións.

A destreza en competencia dixital.

10.- PROGRAMA DE DIFUSIÓN

A difusión do Plan Lector levarase a cabo no Consello Escolar onde se facilitará información das actividades que se realizan; a través de reunións colectivas coas familias, mochila viaxeira, comunicados das actividades para implicar a nais e pais no fomento da lectura na casa...

Fomentaremos a través do Consello Escolar a colaboración de toda a comunidade educativa en actividades que redunden no fomento da lectura.